



**Nesta nova sesión dos obradoiros dixitais de R o auditorio coñeceu as claves para manter protexida a empresa en proceso de dixitalización**

## ***Ciberseguridade nas pemes: riscos e recursos nunha contorna dixital***

- ***No encontro virtual desta mañá os voceiros analizaron con detalle as principais carencias das empresas no campo da Ciberseguridade e propuxeron camiños para traballar protexidas a día de hoxe na contorna dixital.***
- ***O experto en márketing de R e do Grupo Euskaltel, Íñigo González, subliñou a grande importancia da Ciberseguridade, en liña coa aposta clara de R pola dixitalización das empresas, e por responder de maneira sinxela ás súas necesidades actuais.***
- ***Álvaro Briceño, experto en Ciberseguridade da consultora Fractalía, coincidiu con González ao destacar que é esencial o compromiso e a concienciación de toda a compañía coa seguridade dixital.***
- ***Como en anteriores obradoiros dixitais de R, a xornada de hoxe, práctica e interactiva para o auditorio, desenvolveuse no edificio virtual de R e do Grupo Euskaltel “The Tech Experience”, lugar de encontro e reflexión sobre tendencias tecnolóxicas e oportunidades para os negocios.***
- ***R continúa acompañando as empresas galegas nos seus procesos de dixitalización para que sigan sendo competitivas a todos os niveis e en calquera escenario do mundo.***

**Venres, 4 de xuño de 2021.-** Tras dúas sesións de encontros dixitais dedicadas ao goberno e a explotación do dato na empresa respectivamente, o obradoiro desta

mañá debullou o esencial doutro dos temas que máis preocupan e máis atención están a reclamar no segmento empresarial na actualidade: a **Ciberseguridade**.

E, en concreto, a ciberseguridade en organizacións que compiten a un nivel menos ambicioso que as grandes contas pero que non por iso -ou talvez por iso- corren e correrán serios riscos no universo dixital se non toman precaucións inmediatas para protexerse de ‘ciberataques’ ou intrusións de calquera tipo.

“*Ciberseguridade nas pemes*” é o título do encontro interactivo que congregou dixitalmente esta mañá a responsables de empresas no auditorio do edificio virtual [The Tech Experience](#), lugar de encontro de R e do Grupo para a reflexión sobre tendencias tecnolóxicas e oportunidades para os negocios da man de expertos.

Así, tras a citada análise do dato como obxecto de gobernanza e explotación nas organizacións, no obradoiro de hoxe analizáronse os riscos aos que esa información pode permanecer exposta e os recursos imprescindibles para protexela todo o posible. En suma, as vulnerabilidades, recomendacións de seguridade e solucións dispoñibles para protexer a pequena e mediana empresa no ámbito da ciberseguridade.

Neste sentido, Íñigo González, responsable de *Go to Market* de R e do Grupo, asegurou que *“a nova realidade dixital esíxelles ás empresas, máis que nunca, dispor de sistemas de seguridade que garantan que a súa actividade diaria e os seus plans de negocio poden levarse a cabo sen risco. O máis importante é a concienciación plena (“mindset dixital”) dos responsables das empresas de que a información é o activo máis importante que posúe o seu negocio, e por iso hai que protexelo en todo momento dos riscos inherentes ao universo dixital. Mais isto non implica que sexa imprescindible investir en ferramentas e recursos que supoñan grandes desembolsos para protexer os negocios (...)”*


## **Un gran reto, un camiño por percorrer**

Segundo un estudo recente de Google sobre o panorama actual da ciberseguridade en pemes en España, un **87 %** das pequenas e medianas empresas aínda **non dispoñen de solucións de seguridade** para os móbiles; un **33 %** delas **non realiza *back up*** da súa información (sistemas de respaldo, copias de seguridade), e tan só un **33 % conta cun plan de continuidade** de negocio.

Íñigo González incidiu tamén na premisa de que **a información é o activo máis importante** que posúe un negocio, e como tal, *“debemos protexela ante as vulnerabilidades ás que está exposta. (...) Os métodos de protección que no pasado funcionaban, como o antivirus, xa non son abondos actualmente porque tanto os sistemas informáticos como os seus dispositivos evolucionan a unha velocidade vertixinosa e é necesario dotarse de ferramentas e medidas complementarias, mantelas e telas continuamente actualizadas”*.

E como exemplo, o voceiro de R referiuse ao teletraballo: *“Permitir nestes tempos o traballo a distancia sen seguir unhas pautas de seguridade pode resultar moi arriscado para as organizacións. Aí está o perigo de que os ‘ciberdelincuentes’ poidan acceder á rede da empresa e á información que se xestiona, ou que potencialmente*

os empregados utilicen ferramentas non permitidas e poñan en situación de risco á compañía. A figura dun experto dixital é clave, neste sentido, para acompañar as empresas”.



\* Fonte: Estudio de panorama actual da ciberseguridade en pemes en España. Google

## Recursos para unha contorna ‘cibersegura’ nas pemes

Pola súa banda, Álvaro Briceño, Director de servizos de Ciberseguridade e soporte IT da consultora Fractalia, especializada en seguridade dixital, expuxo una serie de recomendacións e solucións posibles ante este cambio do concepto de seguridade en negocios e comercios.

“O primeiro e máis importante -asegurou Briceño- é o necesario compromiso empresarial coa seguridade dixital: o punto de partida é unha permanente concienciación de toda a compañía sobre a realidade das ameazas dixitais”.

(...) “Pero ademais -continuou- hai outros recursos para reforzar unha contorna ‘cibersegura’, como o uso de **ferramentas de seguridade** (antivirus, firewall, etc..) solventes e recoñecidas no mercado; o acceso fácil e rápido a un **soporte de seguridade** ante posibles incidentes, o fomento de contornas seguras de **rede** á

que se conectan os/as empregados/as ou clientes/as; o mantemento dos **dispositivos sempre actualizados**; as **copias de seguridade** continuas, sobre todo dos datos máis críticos; o uso de **contrasinais potentes** na organización; sen esquecer que tamén é necesario asegurar os **dispositivos móbiles**”.

Aí está o reto, sen dúbida: ese camiño que cada vez máis organizacións deciden percorrer para garantir o verdadeiro éxito dos seus procesos de dixitalización. A Ciberseguridade xa non é un *plus* optativo para grandes corporacións senón unha necesidade esencial para que calquera empresa ou negocio, sexa do tamaño que sexa, poida desenvolverse con seguridade e competir no seu mercado.

## **sumarios**

### **Íñigo González**

***“Apostar pola dixitalización das empresas implica necesariamente apostar pola ciberseguridade”***

***“A información é o activo máis importante do negocio, e hai que protexelo en todo momento dos riscos inherentes ao universo dixital”***

### **Álvaro Briceño**

***“O punto de partida é unha permanente concienciación de toda a compañía sobre a realidade das ameazas dixitais”***

***“Unha contorna ‘cibersegura’ esixe ferramentas e soporte de seguridade, contornas de rede robustas, dispositivos sempre actualizados, contrasinais seguros e copias de respaldo, entre outras cousas”***

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)

